

## Programación Docente de Repertorio Orquestral V-VI

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

### 1. Identificación e contextualización

**DISCIPLINA** Repertorio Orquestral de frauta traveseira V-VI

<b>ESPECIALIDADE</b>	INTERPRETACIÓN							<b>ITINERARIO</b>	FRAUTA	
<b>CARÁCTER</b>	B) Obrigatoria							<b>TIPO DE CLASES</b>	Individual	
<b>DEPARTAMENTO</b>	VENTO-MADEIRA							<b>XEFE/A DO DEPARTAMENTO</b>	RICARDO PAZO GARCÍA	
<b>CURSOS</b>	1.º curso	2.º curso	3.º curso			4.º curso		<b>COORDINADOR/A DA DISCIPLINA</b>	RICARDO PAZO GARCÍA	
<b>CUADRIMESTRE</b>	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	<b>Horas de clase</b>	1
<b>ETCS/ CUADRIMESTRE</b>					3,5	3,5			<b>Observacións</b>	
<b>DOCENTES</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>				<b>MAIL/TEL/WEB</b>				<b>TITORÍA</b>	
	MANUEL MORALES FERNÁNDEZ				manoeltraverso@gmail.com				Martes de 13:30 a 14:30	
	FERNANDO RAÑA BARREIRO				fernandoranha@csmvigo.com				Mércores de 11 a 12	

### 2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

<b>DESCRITOR</b>	Estudo e práctica da literatura orquestral. Afondamento se é o caso, dos roles de cada instrumento dentro da sección. Desenvolvemento se é o caso, das capacidades técnicas e expresivas dos instrumentos afíns. Estudo da práctica dos instrumentos afíns se é o caso, no repertorio orquestral.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
<b>RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS</b>	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Instrumento.
<b>TRANSVERSAIS</b>	T 1, 3, 6, 13
<b>XERAIS</b>	X 3, 6, 8, 10, 11, 15
<b>ESPECÍFICAS</b>	EI 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10

### 3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Aplicar, en todo momento, a audición polifónica para escoitar simultaneamente as diferentes partes ó mesmo tempo que se executa a propia.	T 13 X 8 EI 3, 4, 5, 9
Empregar unha ampla e variada gama sonora de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas da obra.	T 3, 13, X 8 EI 1, 3, 4, 8, 9, 10
Profundar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.	T 6 X 3, 8, 11, 15 EI 1, 4, 5
Domina-lo propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.	T 1, 3, 6, 13, X 3, 8 EI 1, 4, 5
Ler a primeira vista cun nivel que permita a montaxe fluída das obras.	T 3, 13 X 3, 8 EI 7, 9
Interpretar obras representativas do repertorio sinfónico de acordo co seu nivel instrumental.	T 3, 6 X 3, 8, 11, 15 EI 1, 4, 5, 10
Respecta-las normas que esixe toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo colectivo, etc... e responsabilizarse en todo momento delas.	T 1, 3, 6, 13, X 3, 8 EI 3, 4, 8, 9, 10

### 4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Interpretación de solos ou tutti	1. Interpretación de solos ou tutti en tódolos ámbitos orquestrais. 1.1. Sinfónico. 1.2. Oratorios. 1.3. Óperas. 1.4. Ballets. 1.5. Teatro musical.	12
2. Aspectos técnicos	2. Traballo dos aspectos técnicos necesarios para abordar o Repertorio Orquestral de cada Instrumento.	12



	2.1. Afinación. 2.2. Dinámicas. 2.3. Matices. 2.4. Homoxeneidade entre rexistros. 2.5. Articulación.	
3. Perfeccionamento interpretativo	3. Perfeccionamento das capacidades necesarias para aborda- la interpretación do repertorio máis representativo do instrumento na Orquesta. 3.1. Dende o punto de vista artístico. 3.2. Dende o punto de vista musical. 3.3. Dende o punto de vista técnico.	12
4. O transporte e a lectura a vista.	4.1. Práctica da Lectura a vista: recursos. 4.2. Exercicios prácticos. 4.3. Traballo de pasaxes orquestrais en diferentes tonalidades.	12
5. Interpretación con instrumentos afíns.	5. Interpretación do repertorio orquestral con diferentes instrumentos de cada unha das familia. 5.1. Piccolo. 5.2. Frauta en Sol. 5.3. Frauta Baixa.	2
6. Audición pública do repertorio.	6.1. Reprodución das características dunha proba de admisión a unha orquestra profesional. 6.2. Situación de interpretación real na orquestra.	12
7. Normas na orquestra	7. Coñecemento e valoración e práctica das normas de comportamento na orquestra. 7.1. Respecto ó director. 7.2. Cos compañeiros. 7.3. Co público	12
8. Análise musical	8. Coñecemento e práctica da análise musical aplicada a obras traballadas durante o curso, coa finalidade de obter unha interpretación máis madura e coherente 8.1 Coñecemento das linguaxes utilizadas nas obras propostas. 8.2. Diferenciación de estilos. 8.3. Recursos máis comúns utilizados en textos musicais contemporáneos.	12
9. Interpretación pública	9.1 Normas de comportamento imprescindibles para a interpretación escénica.	2
Total de sesións por cuadrimestre		<b>16</b>

## 5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases prácticas	17	54	71
Audicións	2	12	14
Titorías	1	1	2
Actividades complementarias	3	7	10
Actividades introductorias	1	3	4
Actividades de consolidación	1	3	4
Total de horas por cuadrimestre			<b>105</b>

## 6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>ORDINARIA</b>			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo persoal	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe.	30%	TODAS
	Valorarase a implicación do alumno e o progresivo desenvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.		
Audición pública	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética dos extractos orquestrais, a capacidade artística e de comunicación. As impresións e incidencias serán recollidas nunha ficha de audición.	70%	TODAS
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Traballo persoal	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe.	30%	TODAS
	Valorarase a implicación do alumno e o progresivo desenvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.		
Audición pública	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética dos extractos orquestrais, a capacidade artística e de comunicación. As impresións e incidencias serán recollidas nunha ficha de audición.	70%	TODAS
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
	Ver avaliación extraordinaria		
<b>EXTRAORDINARIA</b>			
Audición pública	Proba práctica: programa integrado polos extractos orquestrais que aparecen na bibliografía do cuadrimestre	100%	TODAS
	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas, a capacidade artística e de comunicación, a autonomía non desenvolvemento e aplicación destas capacidades.		
<b>ERASMUS</b>			



Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

## 7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

## 8. Bibliografía, materiais e documentos

- Orchestral Excerpts from the Symphonic Repertoire for Flute (10 volumes). IMC (J. Wummer)
- Orchester Probespiel. Test Pieces for Orchestral Auditions Flute and Piccolo. C.F.Peters (C.Dürichen e S.Kratsch), 1991.
- The Orchestral Musician's CD-ROM Library. Flute (12 volumes). CD Sheet Music LLC, 2009.
- Diferentes versións do repertorio a traballar durante o curso en calquera formato: CD, DVD, etc...

### Repertorio Cuadrimestral: 6 extractos cuadrimestrais extraídos do grupo A e 4 extractos cuadrimestrais extraídos do grupo B

Grupo A		Grupo B	C	
3º	Rossini, G. - A Pega Ladroa Bach, J.S. - Fragmento a elexir Ravel, M. - Daphnis e Chloé Rossini, G. - Guillermo Tell Mahler, G. - Sinfonía nº9 Strawinsky, I. - Petrushka	Smetana, B. - A Noiva Vendida Strauss, R. - Sinfonía doméstica Strauss, R. - Salomé Strauss, R. - Till Eulenspiegel Saint-Saëns, C. - Volière Strawinsky, I. - Jeu de cartes	Rimsky-Korsakov, N. - Sherezade Shostakovitch, D. - Sinfonía nº 9 Rossini, G. - La Scala di Seta Henze, H. W. - Xogos de noite e Arias Orff, C. - Die Kluge Tchaikovsky, P.I. - Sinfonía nº 4 Stravinsky, I. - O Paxaro de fogo Ravel, M. - Rapsodia Española	Traballo técnico complementario